

GAÑADORA na categoría de SECUNDARIA

IRIS ÁLVAREZ BASTOS

IES Illa de San Simón, Redondela

DOPPLEGÄNGER

Aire. Necesito aire. Non podo respirar. Non sei onde estou nin como cheguei ata aquí, pero cando abro os ollos só consigo ver auga, auga en todas as direccións, quilómetros e quilómetros de auga. Comezo a desesperarme. Intento nadar ata a superficie, mais fállanme as forzas, sinto os meus pulmóns arder e a miña visión empézase a tornar borrosa. Quero berrar, patexar, facer unha perrencha, o que sexa para saír deste pesadelo, pero os meus ollos ameazan con pecharse.

E, en tan só cuestión duns segundos, deixo de moverme, sen enerxía, sen esperanza. Xusto cando penso que xa o meu tempo rematou, vexo algo, ao lonxe, nas escuras augas da profundidade do mar. Ao principio non logro discernilo ben, mais pouco a pouco alcanzo a recoñecer unha pequena luz vermella que se achega con moita lentitude ata converterse nun gran submarino amarelo. Desexaría poder facer algún sinal; algo para chamar a atención de quenquera que permaneza dentro do xigante aparello de metal. Non obstante, a dita persoa ou persoas non se decatan da miña presenza ou finxen non facelo, xa que cando o submarino chega case ata a miña altura, pasa polo meu lado e segue o seu camiño coma se eu non estivese alí. E eu quedo petrificada. Non polo feito de que un completo descoñecido me deixase varada no fondo do océano, senón polo que vin a través da pequena fiestra redonda do grande aparello. O cabelo negro, os grandes ollos verdes e a cara ovalada. Era eu. Pode que a presión da auga sobre a miña cabeza estivese afectando a miña visión, mais eu estou segura do que vin. Era como unha réplica exacta de min. Pero o máis aterrecedor de todo era que ela estaba sorrindo, mentres me miraba fixamente, coma burlándose de min.